

O CLIMA DE GALICIA

O CLIMA.

Conceptos.

Alustrar: Caér lostregos , lostregar .
Arroiar : Chover con moita forza sen parar .
Clima: é o tempo que fai nun lugar determinado ao longo dun período
Elementos do clima: son a temperatura e as precipitacións .
Invernía: Tempo frío e chuvioso , propio do inverno.
Precipitacións : A neve , a sarabia e a chuvia o son
Precipitacións anuais : son a suma das precipitacións mensuais.
Sarabia: Auga conxelada en forma de grans.
Temperatura máxima : é a temperatura máis alta dun lugar .
Temperatura media anual: é a suma das temperaturas medias dos doce meses e dividida entre doce.
Temporal : Chuvia forte con moito vento

O clima de Galicia

O clima de Galicia é temperado – nin moi frío nin moi cálido - e moi húmido , pola proximidade do mar. O tipo climático predominante é o oceánico .

Factores do clima : A proximidade do mar e as montañas

A cercanía do océano condiciona a presenza de abundantes masas nubosas que proceden de alí , e que xeran abundantes precipitacións.

Por outra parte tamén inflúe a altitude , xa que canto máis alto é o relevo máis fría é a temperatura .

Pola diferente influencia do océano e pola presenza ou non de altas montañas distinguínos catro variedades do clima en Galicia

Clima oceánico típico. *Dáse na costa .As temperaturas son suaves e as chuvias abundantes .*

Clima oceánico interior. *Dase no interior das provincias de Lugo e Ourense. Menos chuvias ca na costa e temperaturas cálidas en verán e frías no inverno.*


Clima oceánico de matiz mediterráneo. *Nos vales do Miño e o Sil . Precipitacións baixas e temperaturas altas no verán.*

Clima de montaña: *Nas Serras Orientais . Temperaturas moi frías no inverno e suaves no verán.*


Variedades climáticas de Galicia



Precipitações anuais




A influencia do océano no clima de Galicia



Como pódese ver no mapa de arriba as borrascas, sinaladas cunha **B**, se orixinan de xeito frecuente nesta parte do océano e se desplazan cara as costas de Europa. Son masas de aire moi húmidas e que por tanto traen moitas precipitacións. Sendo a costa galega pola súa situación na península ibérica o primeiro lugar da península e en moitas ocasións o primeiro de Europa.


Instrumentos de medición do clima



Termómetro: serve para medi-la temperatura



Barómetro: serve para medi-la presión do aire




Catavento: serve para medi-la dirección do vento



Pluviómetro: Serve para medi-la cantidade de precipitacións



Anemómetro: serve para medi-la forza do vento



Higrómetro: serve para medi-la humidade dun sitio.

CLIMOGRAMAS

CLIMOGRAMAS

Un climograma é un gráfico que representa os datos de temperaturas medias e de precipitacións totais que se rexistraron nun lugar concreto durante un período de tempo, normalmente un ano.

Elaboramos un climograma

Un climograma está composto por tres eixes, un horizontal e dous verticais:


- No eixe horizontal sitúanse os doce meses do ano.
- Nun eixe vertical sitúanse as temperaturas, en graos centígrados (°C). As temperaturas represéntanse cunha liña.
- Noutro eixe vertical colocanse as precipitacións, en milímetros (mm).

As precipitacións represéntanse en forma de barras e a temperatura nunha liña continua.

Comparando climogramas de diversas cidades podes deducir que cidade é máis chuviosa que outra e onde teñen unha temperatura media máis alta ou baixa que outra.

Exemplo de climograma da Coruña . A taboa ao lado do gráfico indica os valores numéricos das temperaturas e precipitacións que despois aparecen reflectidas nese gráfico .

Climograma de A Coruña



X	10	120
F	10	80
M	12	93
A	13	64
M	15	60
X	17	42
XI	19	24
A	20	42
S	18	60
O	15	90
N	13	122
D	10	139